

OS PROBLEMAS DE DISCIPLINA NA ESCOLA: CAUSAS E SOLUCIÓNS

José Pedro Morais Gallego
C.P. "Albino Núñez". Ourense

María José Pérez Fernández
C.P. "Vistahermosa". Ourense

1. INTRODUCCIÓN

Se temos en conta o número de estudos ó respecto, a gravidade dos diferentes problemas de disciplina no contexto escolar é un dos aspectos que máis interesa ós investigadores do tema.

Nas diferentes investigacións recóllense completas revisións sobre diversos estudos e clasificacións dos problemas de disciplina en función da súa gravidade. Entre estes traballos cabe cita-los de Jiménez e Bernia (1981), Jiménez (1983-1984), Gotzens (1984), Años (1988) e Mayor e outros (1989).

Todas estas revisións mostran os resultados sobre a avaliación das condutas disruptivas obtidos por varios autores: Wickman, en 1928; Schurp e Gjerde, en 1953; Hollins, en 1955; Mehers e Expósito, en 1968; Ziv, en 1970; Peiró e Carpintero, en 1978; Camp e Tech, en 1980; Handler, en 1981; Jiménez e Bernia, en 1981; Fernández

Pozar, en 1983; Witt e Robbins, en 1984 e Witt e Elliot, en 1984.

Como síntese das revisións efectuadas polos autores xa citados Jiménez e Bernia, Gotzens, Añaños, Mayor, ademais das dos autores deste traballo, cabe salienta-los seguintes estudos e clasificacións dos problemas de disciplina en función da súa gravidade.

A) Wickman (1928) presentoulles unha lista de 50 problemas de comportamento a 511 mestres de 13 escolas de diferentes Estados (USA) e a 30 clínicos (8 psiquiatras, 4 psicólogos, 13 traballadores sociais e 5 mestres de educación especial), todos eles de diferentes Centros ou Clínicas de tres cidades de diferentes Estados. Pedíuse-lles que ordenasen os problemas de acordo co grao de importancia que eles consideraban de cada un; a correlación de rango atopada entre clínicos e mestres foi de -0.11.

Este traballo ofrece os comportamentos seguintes entre os dez que o profesor considerou máis graves:

1. Actividade heterosexual.
2. Roubar.
3. Masturbarse.
4. Debuxar ou escribir notas obscenas.
5. Dicar mentiras.
6. Absentismo.
7. Impertinencias.
8. Crueldade, intimidación.
9. Enganar, copiar.
10. Estropea-lo material escolar.

Wickman concluíu, ademais, que os mestres prestan máis atención cós clínicos ás conductas agresivas dos alumnos, ás que violan as normas convencionais de moralidade e ás que interfíren as tarefas da clase. O persoal clínico mostrábase máis preocupado polas conductas relativas ó retraemento e as formas non sociais de comportamento infantil.

B) Shurp e Gjerde (1953) con base na mesma escala de Wickman, atoparon que os comportamentos máis graves para os profesores eran:

1. Crueldade, intimidacións.
2. Roubar.
3. Actividade heterosexual.
4. Impertinencias.
5. Infidelidade.
6. Estropea-lo material escolar.

7. Irresponsabilidade.
8. Dicar mentiras.
9. Desobediencia.
10. Debuxos e notas obscenas.

C) En 1955, T.H.B. Hollins, seguindo a Wickman, elaborou unha escala de conductas problemáticas (Táboa 1) para detectar e medir as actitudes dos profesores ante as diferentes conductas inadecuadas. Esta escala sería utilizada en numerosas investigacións, incluída a actual.

(TÁBOA 1)¹

Aplicando a escala, Hollins (1955) atopou que as puntuacións dos profesores agrupábanse en catro factores ou grupos de conducta, ordenados de forma decrecente:

- I Ofensas morais (tipo sexual e violencia).
- II Contra a autoridade do profesor.
- III Introversión e retraemento.
- IV Relativas á aprendizaxe escolar.

D) Mehers e Expósito (1968), utilizando de novo a escala de Wickman, obteñen a seguinte clasificación dos comportamentos máis graves:

1. Roubar.
2. Infidelidade.
3. Enganar.

¹ Vid o anexo final coas táboas citadas

4. Dana-lo material escolar.
5. Mentir.
6. Impertinencias.
7. Crueldade, intimidacións.
8. Desobediencia
9. Resentimento.
10. Debuxos e escritos obscenos.

E) En 1970, en Israel, e utilizando a mesma escala, Ziv recolleu como comportamentos máis graves valorados polos profesores os seguintes:

1. Crueldade.
2. Falta de honradez.
3. Agresividade.
4. Roubar.
5. Rabechas.
6. Egocentrismo.
7. Desobediencia.
8. Falar nas clases.
9. Nerviosismo.
10. Impertinencia.

F) Peiró e Carpintero (1978), utilizando a escala de Hollins con 120 profesores da Comunidade Valenciana (54 homes e 66 mulleres), atoparon que as conductas problemáticas se agrupaban en sete factores tal como expomos a continuación, na Táboa 2, en orde decrecente:

(TÁBOA 2)

G) Jiménez e Bernia (1981) empregan a mesma escala de Hollins, da mesma forma que Peiró e Carpintero, coa diferenza de que se aplica a profesores e alumnos, en total 206 profesores

e 2.441 alumnos, abos de 3º, 4º e 5º de E.X.B., procedentes de 71 colexios públicos e privados da provincia de Córdoba.

Os resultados obtidos poñen de manifesto que as conductas problemáticas escolares se agrupan en dez factores ou tipos de conducta problemática, de acordo coa opinión dos profesores. Con relación á opinión dos alumnos de 3º e 4º de E.X.B., agrúpanse en cinco factores e, segundo os alumnos de 5º curso, en seis.

Nas Táboas 3 e 4 observanse os factores obtidos en profesores e alumnos, respectivamente, e ordenados de forma decrecente segundo a gravidade das conductas.

(TÁBOA 3)

(TÁBOA 4)

Estes resultados de Jiménez e Bernia non son de todo coincidentes cos obtidos por Hollins no que se refire á estrutura factorial, pero son máis similares ós de Peiró e Carpintero (1978) nos aspectos xerais.

Obsérvanse notables diferencias entre as opinións de profesores e alumnos, tanto respecto á escala como ós factores; os alumnos entre eles non se diferencian respecto á gravidade estimada pola escala.

A partir dos resultados expostos nas Táboas 1 e 2, os autores consideran como factores máis graves, tanto para os profesores como para os alumnos, os que agrupan conductas agresivas e moralmente inadecuadas, cunha insistencia especial por parte dos alumnos sobre aquelas que *atentan contra a autoridade do profesor*; menos problemáticas considéranse as conductas alusivas á inseguridade e retraemento.

H) Handler (1981) presentou como problemas máis importantes, segundo a opinión de profesores e educadores, os seguintes:

1. Non prestar atención.
2. Falar sen permiso.
3. Levantarse do asento, hiperactividade.
4. Dana-la propiedade.
5. Abusar dos outros estudantes.
6. Enganar.
7. Chegar tarde á casa ou á escola.
8. Abandona-la escola sen permiso.
9. Pelexar.

I) Tamén clasificando os problemas de disciplina segundo a súa gravidade, Baer, Goodal e Brown (1983), tras lles presentar a 232 profesores dos tres últimos cursos de escolas primarias unha lista de seis problemas de disciplina para ordenar en función da gravidade, obtiveron os resultados seguintes de maior a menor gravidade:

1. Conducta física perigosa.
2. Disrupcións ou interrupcións na clase.
3. O reto á autoridade do profesor.
4. Violación dos dereitos dos demais.
5. Violación dos estándares sociais (mentira, roubo, linguaxe obscena, etc.).
6. Conductas *ilegais* (vandalismo, droga, alcohol, etc.).

J) Fernández Pozar (1983) realiza outro estudio de opinión dos profesores sobre a gravidade de diferentes conductas problemáticas. Utiliza a referida escala de Hollins con 505 profesores de centros públicos e privados da provincia de Cádiz no curso 1982-83, e obtén os seguintes resultados:

(TÁBOA 5)

Segundo se pode observar, os profesores avalían como máis graves as faltas contra a disciplina que consisten en conductas agresivas (orde 1^o, 3^o, 7^o, 9^o e 10^o), as que atentan contra a autoridade do profesor (orde 2^o), as que manifestan desinterese polas tarefas escolares (orde 4^o, 6^o e 8^o) e as condutas moralmente inaceptables (orde 5^o).

K) Witt e Elliot (1984), nun estudio que tiña por obxecto ve-la aceptación por parte dos alumnos do grao de intervención do profesor na clase, describen a ordenación que os alumnos

fan dos problemas en función da súa gravidade (en Añaños, 1988):

1. Non acaba-lo traballo frecuentemente.
2. Dicitr palabras feas.
3. Falar durante un exame.
4. Xogar con obxectos punzantes.
5. Destruí-las cousas dos outros alumnos.
6. Desobedecer ó profesor.
7. Non prestar atención ó profesor.
8. Durmir na clase.
9. Pegar ós compañeiros.
10. Molestar a outro alumno.
11. Falar frecuentemente fora de turno e interromper.
12. Discutir na clase.
13. Correr pola clase.
14. Chegar tarde á clase.
15. Permanecer fóra do asento sen permiso.
16. Ter soños, soñar desperto.
17. Facer ruídos constantes có lápis.
18. Chorar.

En función das medias obtidas, os autores clasificaron os problemas en moi graves (do 1 ó 6), graves (do 7 ó 12) e pequenos (do 13 ó 18).

L) Witt e Robbins (1984), nun estudio similar ó anterior, utilizaron unha clasificación que incluía tres tipos de problemas en función do grao de severidade:

1. Problemas de condutas severos (estraga-las cousas dos outros alumnos).
2. Problemas de severidade moderada (linguaxe obscena).
13. Problemas pouco severos (soños).

M) Levin, Harvey e Hoffman (1984), realizaron un estudio sobre os problemas de disciplina na escola en función do grao de ocorrencia na clase (en Añaños, 1988). A clasificación dos problemas segundo a súa frecuencia, e de maior a menor ocorrencia, é a seguinte:

1. Falta de respecto polos outros alumnos.
2. Desinterese pola escola.
3. Falar excesivamente.
4. Falta de atención.
5. Falta de respecto ó profesor.
6. Chegar tarde.
7. Vandalismo.
8. Pelexarse.

N) Gotzens (1986) recolle unha clasificación dos problemas de comportamento en función das súas consecuencias, segundo interfiran o estudio ou perturben as relacións sociais na clase:

1. Comportamentos de indisciplina na clase que interfiren o estudio:
 - de motricidade grosa (levantarse),
 - comportamentos ruidosos,

- comportamentos verbais,
- comportamentos de orientación na clase,
- comportamentos de agresión.

2. Comportamentos de indisciplina ocasionados pola falta de responsabilidade social do alumno:

- comportamentos de roubo,
- absentismo escolar,
- palabras e xestos obscenos.

3. Comportamentos de indisciplina que perturban as relacións sociais na clase:

- comportamentos de fuxida,
- illamento social.

4. Comportamentos de indisciplina asociados a inmadurez orgánica do individuo:

- hiperactividade,
- distracción e inatención,
- folgazanería e demora.

Como se pode observar a través dos diferentes estudos existe unha relación entre a percepción dos problemas de disciplina e a evolución da sociedade, aínda que as valoracións son diferentes en función do tipo de escola, sexo ou experiencia do profesor.

Igualmente se observa un aumento do interese polo tema da disciplina e problemas de conducta nas aulas, acrecentado notablemente nos últimos dez anos.

2. OBJECTO, METODOLOXÍA E SUXEITOS DA INVESTIGACIÓN

O presente traballo de investigación partiu dun triple obxectivo:

a) Xuntar información sobre as actitudes, xuicios e modos de percibir as conductas problemáticas na escola por parte do profesorado de E.X.B. da provincia de Ourense.

b) Compara-los resultados cos obtidos por outros autores en similares investigacións.

c) Detectar posibles diferenzas significativas entre os suxeitos en función de diferentes criterios: idade do profesor, sexo, experiencia docente, nivel no que imparte, número de unidades do Centro, situación rural ou urbana do mesmo, etc.

Con respecto á metodoloxía, o material instrumental consistiu na Escala de Hollins, reproducida na Táboa 1. As instrucións dadas ós profesores foron idénticas ás orixinais (segundo tradución de Peiró e Carpintero (1978: 36) e Jiménez (1981: 317). Para o procesamento informático e o tratamento estatístico dos datos utilizouse o programa SPSS/PC+, The Statistical Package for IBM PC na Facultade de Humanidades de Ourense (Universidade de Vigo).

Aplicouse a Escala a Escala a 112 profesores do ensino público da provincia de Ourense (62 profesoras e 50



Unha situación de dependencia



Sufrendo algúns insultos e golpes



Los castigó severamente.

A corrección de condutas nos rapaces e xóvenes e unha preocupación constante en tódalas épocas
Ilustracións tomadas do "Juanito" por Parravicini, Barcelona Edit. Paluzie (1915 ?)

profesores), elixidos aleatoriamente segundo o seguinte procedemento:

a) Pártese do Mapa Escolar elaborado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia en 1991, segundo o que existían na provincia de Ourense 1.719 profesores de E.X.B.

b) Considerando como zona rural os núcleos de poboación inferiores ós cinco mil (5.000) habitantes, segundo o Censo de 1991 do Instituto Nacional de Estatística, como vilas os centros de poboación que superaban o referido número de habitantes e como zona urbana a capital da provincia, o número de profesores da provincia quedaba repartido da seguinte forma:

Zona rural 55% do profesorado
Zona urbana 25% do profesorado
Vilas 20% do profesorado

Tomando unha mostra do 6,25% do profesorado da provincia, esta quedaba distribuída da seguinte maneira:

Zona rural	55%	63 profesores
Zona urbana	25%	27 profesores
Vilas	20%	22 profesores
Total		112 profesores/as

En relación coas hipóteses de traballo, pártese do suposto de que se confirmarían os resultados obtidos nos anteriores estudos, no sentido de que os profesores consideran como máis graves as condutas que supoñen algunha forma de agresión e como menos graves as que supoñen retraemento e/ou condutas pasivas. Da mesma forma espérase que existan diferencias significativas á hora de avaliar as condutas en función da idade do profesor, nivel no que este imparte clases, de ser un colexio da zona rural, da vila ou urbano, e do número de unidades do centro.

3. RESULTADOS

Os 39 items que representan as respectivas conductas da Escala de Hollins (v. Táboa 3) recibiron dos cento doce profesores unha puntuación entre "0" e "3", segundo a gravidade que estes estiman que posúen tales conductas. A partir destas puntuacións directas obtivéronse as puntuacións medias correspondentes a cada item. Á vez, comparouse esta puntuación media coa recibida na investigación de Peiró e Carpintero (1978) e a de Jiménez e Bernia (1981).

As tres puntuacións pódense comparar na Táboa 6, onde a columna número 1 corresponde á investigación actual e as columnas 2 e 3 corresponden ós referidos traballos de Peiró e Carpintero e Jiménez e Bernia.

(TÁBOA 6)

Trala análise destes estudos, obsérvase que presentan uns resultados similares: as conductas que obteñen unha puntuación media máis alta son as relacionadas coa agrasividade e as que a obteñen máis baixa son conductas de tipo pasivo, tales como soños, ensimesmamento, reparos para facer preguntas na clase, timidez, retraemento, etc.

4. ANÁLISE FACTORIAL E DISCUSIÓN

A análise factorial con rotación varimax das puntuacións obtidas dos

112 profesores proporciona 3 factores. Na Táboa 7 preséntase a matriz factorial rotada.

(TÁBOA 7)

O criterio de selección utilizado para asignar un item a un factor foi que aquel acadase unha saturación igual ou superior a 0.40 neste.

O Factor 1 aparece con saturacións superiores a 0.40 en dezaoito items que representan conductas moralmente inadecuadas e contra a autoridade do profesor. Estes items son os seguintes: 2, 3, 5, 8, 9, 10, 12, 14, 17, 19, 22, 26, 27, 28, 29, 32, 36 e 39, que representan conductas tales como malos modais, ameazas e crueldades, mentir, ser falso, astuto ou acusar, violencia e rifas, falta de respecto e insolencia, falta de puntualidade habitual, presentar debuxos ou historias obscenas, ser sucio ou desordenado persoalmente, ser resentido, conductas sexuais inadecuadas, fumar, cuspir, roubar, dicir palabras mal soantes, latar á clase ou rompe-las cousas a propósito.

O Factor 2 presenta saturacións superiores a .40 en once items que fan referencia a conductas de introversión e retraemento. Son os items seguintes: 4, 6, 7, 11, 13, 15, 16, 21, 24, 25 e 37, e representan conductas como covardía, falta de coidado coas cousas, soños, falta de atención, falta de concentración, vangancia, lacazanería, falta de disposición

para facer preguntas espontáneas, insoportabilidade, timidez e retraemento.

O Factor 3 agrupa conductas que afectan ás tarefas escolares. Os items con saturacións superiores a .40 son os seguintes: 18, 20, 30, 31, 33, 34 e 35, que se refiren a conductas como obstinación ou testudez, pasar notas na clase, escaparlle ó traballo, lentitude, suspicacias, latricar, facer ruído na clase ou ser "soplón" nos exames.

Obtendo a media das medias das puntuacións concedidas ós items incluídos en cada un dos tres factores, e ordenando estas de maior a menor gravidade, témo-lo seguinte:

FACTOR I:	Conductas moralmente inadecuadas e contra a autoridade do profesor	1.82
FACTOR III:	Conductas que afectan ás tarefas escolares	1.06
FACTOR II:	Conductas de introversión e retraemento	1.02

Estes datos confirman a conclusión xa establecida por Hollins de que os nenos agresivos e molestos son considerados como máis problemáticos polos seus profesores cós retraídos.

(TÁBOA 8)

Como se pode ver, o resultado do presente estudio (Táboa 9) é bastante máis similar ó traballo de Hollins (1955), que ós posteriores xa citados de

Peiró e Carpintero (1978) e de Jiménez e Bernia (1981) (Táboas 10 e 11). As conductas correspondentes ós factores I e II de Hollins, no presente estudio, aparecen agrupados no Factor I.

(TÁBOA 9)

(TÁBOA 10)

(TÁBOA 11)

Na Táboa 12 figuran os resultados obtidos por Fernández Pozar (1983), que utiliza a mesma Escala de Hollins, seguindo un método e un procedemento diferentes.

Da mesma forma que se indicou na análise da Táboa 5, os profesores avalían como máis graves as faltas que consisten en conductas agresivas, as que atentan contra a autoridade do profesor, as que manifestan desinterese polas tarefas escolares e as conductas moralmente inaceptables.

(TÁBOA 12)

Tódolos traballos que avaliaron a problematicidade da conducta na aula poñen de manifesto que os profesores, e tamén os alumnos no traballo de Jiménez e Bernia (18819, tenden a considerar máis graves as conductas que supoñen algunha forma de agresión e as moral e socialmente inaceptables; igualmente, tenden a aceptar como menos graves as que supoñen pasividade, inseguridade e retraemento.

Estas conclusións son preocupantes, pois indican que as conductas agresivas e/ou inmorais, que son formas activas e de disrupción, teñen unha manifestación clara e precisa, e captan continuamente a atención do profesor. De xeito contrario, as conductas pasivas ou de retraemento teñen unha manifestación máis silenciosa, e pasan desapercibidas (Mayor, 1989). O problema está en que ós efectos da inseguridade, o retraemento e outras dificultades persoais que as acompañan, inciden en gran maneira no fracaso escolar e no desenvolvemento da personalidade dos nenos.

Unha análise da Táboa 13, na que se compara a puntuación media obtida en cada item entre profesores e profesoras, permite establecer as conclusións seguintes:

Dos items pertencentes ó FACTOR I, que corresponden a conductas moralmente inadecuadas e que atentan contra a autoridade do profesor, trece deles son valorados como máis graves polos profesores, mentras que tan só cinco os valoran con máis gravidade as profesoras (malos modais, fumar, roubar, blasfemar, é dicir, conductas moralmente inadecuadas).

Nos items pertencentes ó FACTOR II, que corresponden a conductas de introversión e retraemento, non se observan diferencias na valoración por parte de profesores ou profesoras.

Nos items correspondentes ó FACTOR III, sobre as conductas que afectan as tarefas escolares, cinco factores son valorados como máis graves polas profesoras e só dous son valorados con maior gravidade por parte dos profesores.

(TÁBOA 13)

Estes resultados coinciden, en parte, cos obtidos por Peiró e Carpintero (1978), segundo os que os profesores puntúan como máis graves as conductas agresivas e as que atentan contra a súa autoridade.

Tamén coinciden en que as profesoras manifestan unha maior sensibilidade respecto ás conductas que indican problemas de relación cos demais e dificultades persoais de integración. Así, dos items referentes ó FACTOR II, respecto a conductas de introversión e retraemento, son puntuados como de maior gravidade polas profesoras os seguintes items:

- 6. Covardía.
- 16. Carácter nervioso.
- 21. Reparos en preguntar na clase.
- 24. Timidez, retraemento.
- 37. Insociabilidade.

Difiren, sen embargo, en que no citado estudio de Peiró e Carpintero (1978) os profesores puntúan como máis graves as conductas que afectan ó

rendemento escolar, mentres que no presente traballo son as profesoras as que valoran con maior gravidade os items correspondentes ó FACTOR III, respecto ás conductas que afectan ás tarefas escolares.

As baixas correlacións obtidas, segundo se mostra na Táboa 14, fan pensar na independencia de variables tales como a idade do profesorado, o estado civil, anos de experiencia docente, nivel educativo no que imparte, tipo de centro (rural, vila, urbano) e número de unidades do centro, respecto dos distintos factores.

(TÁBOA 14)

Sen embargo, en relación co sexo, si que existen diferencias significativas entre as actitudes dos profesores ante as conductas agresivas e que atentan contra a súa autoridade, que son valoradas con máis gravidade que polas profesoras. Por outra parte, as profesoras manifestan maior sensibilidade respecto ás conductas que indican dificultades persoais de integración e de relación cos demais.

Respecto á idade do profesorado, os pertencentes ós grupos de idade de 30 a 34 anos, e de 45 a 49, mostráronse particularmente máis severos nas súas valoracións na maioría dos items.

A ubicación do centro en zona rural, urbana ou nunha vila, non resulta ser unha característica relevante

para diferenciar as actividades dos profesores e profesoras ante as diversas conductas problemáticas avaliadas.

5. BREVE REFERENCIA ÁS CAUSAS DA INDISCIPLINA E AS SUAS SOLUCIÓNS

O clima escolar, o ambiente emocional da aula, a disciplina, etc., son conceptos ligados ó proceso didáctico. Unha boa situación ensinanza/aprendizaxe require condicións favorables, e a actuación acertada sobre as conductas problemáticas que se dan na escola ten unha función decisiva para unha ensinanza eficaz.

Os anteriores problemas de disciplina son a consecuencia de determinados factores, e a importancia destes é percibida de forma distinta pola diversidade do profesorado. O mesmo sucede coa forma de solucionar tales problemas.

En 1982, Dierenfield (en Watkins e Wagner, 1991) analizou as explicacións que os profesores dan ós problemas de disciplina en Inglaterra. En resposta a unha pregunta que invitaba ós profesores a puntuar do un ó dez unha decena de posibles causas dos problemas de disciplina que se producían nos centros, as máis importantes foron:

Ambiente familiar desfavorable	49,6%
Presións dos compañeiros	35,6

Falta de interese pola disciplina	30,7%	Firme apoio por parte da dirección ás medidas disciplinarias dos prof	70,8%
Desinterese xeral pola escola	30,5%	Aplicación igualitaria das normas a tódolos alumnos	69,3%
Inestabilidade psicolóxica ou emocional do alumno	29,4%	Apoio á escola por parte dos pais	68,7%
Incapacidade para o traballo na clase	21,9%	Tratamento das causas dos problemas de conducta	66,6%
Rechazo da autoridade do adulto	20,8%	Influencia do director	56,0%
Baixa autoestima	13,7%	Programa de acción tutorial	40,3%
Rechazo do profesor	12,7%	Estrictas medidas disciplinarias por parte do profesor	39,9%
Consumo de drogas	4,9%		

Os mesmos profesores, como solucións ós problemas de conducta conflictiva ou factores máis útiles para o seu control, calificaron como moi importantes os seguintes:

Personalidade positiva do profesor	89,7%
Métodos de ensino máis eficaces	87,6%
Establecer desde o principio normas de conducta e mantelas	86,3%

Recibiron certo apoio, aínda que menor, outros factores tales como a expulsión, as clases especiais e o castigo físico. Os directores e o resto do equipo directivo apoiaron cunha frecuencia superior á media os factores que implicaban ós pais e o programa de acción tutorial.

En 1984, un estudio de Levin, Harvey e Hoffman (en Añaños, 1988) tratou o tema das causas dos problemas de disciplina. Houbo un alto acordo entre os profesores sobre os resul-

tados, e as respostas ás causas da indisciplina foron, en orde de maior a menor:

1. Permisividade da sociedade.
2. Ruptura familiar.
3. Deficiencias nas escolas.
4. Decremento das clases tradicionais.
5. Drogas, alcohol.
6. Violencia no medio.

No estudio obsérvase unha relación entre os problemas de disciplina e a evolución da sociedade, variando as valoracións segundo o tipo de escola, sexo e a experiencia do profesor.

Neste mesmo estudio, os profesores propoñen os seguintes camiños para mellora-la disciplina nas escolas:

1. Mellora da efectividade dos procedementos administrativos.
2. Elaboración dun tipo de disciplina estricte e consistente na escola.
3. Melloras na comunicación entre a escola e a comunidade á que pertence.
4. Mellor preparación dos profesores para o control da clase.
5. Existencia de orientadores na escola.

Tralos seus estudos, Añños (1988) e, no mesmo sentido Gotzens (1986), consideran que existen catro factores básicos que hai que ter en conta en relación coa disciplina escolar:

1. Relacións co contorno: escola como un lugar agradable para os que traballan nela, aberta á súa avaliación desde o exterior e á relación coa comunidade.

2. Recursos materiais: boa organización, distribución e utilización.

3. Recursos funcionais: salienta-las conductas positivas e preventivas, e elaborar un plan de actuación incluíndo un código de disciplina de acordo co ideario da escola.

4. Recursos humanos: distribución e definición dos roles e da autoridade, de modo que todos involucrados na toma das decisións e na resolución dos problemas. Existencia de orientadores nas escolas.

De modo complementario á investigación anterior, base do traballo, e a modo de enquisa de opinión, tratouse de analiza-la valoración que os profesores daban ás causas dos problemas de indisciplina na escola e as posibles solucións. Presentáronse dez posibles causas e dez posibles solucións, baseadas nos citados traballos de Dierenfield (en Watkins e Wagner, 1991), que deberían puntuar de 1 a 10, a 47 alumnos do último curso da Escola Universitaria do Profesorado de E.X.B. de Ourense, que finalizaron as prácticas en Centros de E.X.B. (26 alumnas e 21 alumnos, e a 112 profesores do ensino público da provincia de Ourense (62 profesores e 50 profesores), os mes-

mos que participaron na investigación anteriormente reflectida.

As posibles causas e solucións presentadas e a puntuación media obtida de cada un dos grupos de alumnos/as de Maxisterio e profesores/as foron as que aparecen no CADRO I:

CAUSAS	ALUM.	PROF.	SOLUCIÓNS	ALUM.	PROF.
1 Rechazo á autoridade do adulto	4.26	4.11	1 Firme apoio por parte da dirección das medidas disciplinarias tomadas polos profesores	2.91	4.33
2 Presións dos compañeiros	2.96	2.52	2 Apoio á escola por parte dos pais	5.66	6.90
3. Incapacidade para o traballo na clase	2.44	3.30	3 Establecer desde o principio normas de conducta e mantelas	4.32	6.07
4 Baixa autoestima	3.7	3.83	4 Programa de acción titorial	4.04	4.93
5 Ambiente familiar desfavorable	6.45	6.74	5 Tratamento das causas dos problemas de conducta.		
6 Desinterese xeral pola escola	4.73	5.04	Orientación escolar	6.67	6.26
7 Consumo de alcohol, tabaco, drogas	5.31	6.04	6 Influencia ou actuación do director	2.29	2.03
8 Rechazo por parte do profesor	5.41	3.57	7 Personalidade positiva do profesor	6.78	6.03
9 Falta de interese pola disciplina	3.32	3.41	8 Estrictas medidas disciplinarias por parte do profesor	2.11	2.20
10 Inestabilidade psicolóxica/emocional	6.52	6.43	9 Facer clases especiais para alumnos conflictivos	3.79	1.13
			10 Métodos de ensino máis eficaces	6.69	5.18

Cabe resaltar que as principais causas dos problemas de disciplina na escola, en opinión dos profesores en activo e segundo a valoración atribuída, son as seguintes:

- 1ª Ambiente familiar desfavorable.
- 2ª Inestabilidade psicolóxica ou emocional do alumno.
- 3ª Consumo de alcohol, tabaco, drogas.
- 4ª Desinterese xeral pola escola.

En opinión dos alumnos da Escola Universitaria do Profesorado, a valoración é a seguinte:

- 1ª Inestabilidade psicolóxica ou emocional
- 2ª Ambiente familiar desfavorable.
- 3ª Rechazo por parte do profesor.
- 4ª Consumo de alcohol, tabaco, drogas.

Con respecto ás posibles actuacións para solucionar os problemas de disciplina, os profesores propoñen como máis importantes:

- 1ª Apoio á escola por parte dos pais.
- 2ª Tratamento das causas dos problemas de conducta e orientación escolar.
- 3ª Establecemento desde o principio de normas de conducta e o seu mantemento.
- 4ª Personalidade positiva do profesor.

Os alumnos de Maxisterio valoran as solucións do seguinte modo:

- 1ª Personalidade positiva do profesor.
- 2ª Métodos de ensino máis eficaces.
- 3ª Tratamento das causas dos problemas de conducta e orientación escolar.
- 4ª Apoio á escola por parte dos pais.

Ámbolos dous grupos valoran como máis ineficaces as solucións de facer clases especiais para os alumnos conflictivos e o establecemento de estrictas medidas disciplinarias por parte do profesor. O profesorado reclama como primeira solución o apoio dos pais ó labor da escola, mentres que, segundo os alumnos de Maxisterio, a solución debe vir en primeiro lugar desde dentro, cunha personalidade positiva do profesor. Existe coincidencia na importancia do tratamento das causas dos problemas e a necesidade da orientación escolar.

En relación cos profesores (Táboa 15), cómpre salientalo feito de que canta maior idade e máis experiencia docente, o profesor tende a dar como explicación á indisciplina factores externos ó alumno ou o seu labor docente, tales como o consumo de alcohol, para o que propoñen solucións tamén alleas ó seu labor, tal

como a actuación ou influencia do director. Á vez, o profesorado máis novo ou con menos experiencia docente ve como causa dos problemas de indisciplina factores máis bien internos, como a inestabilidade psicolóxica ou emocional do alumno e propón solucións desde dentro da escola, tales como empregar métodos de ensino máis eficaces.

Con respecto ó número de unidades dos centros, canto maior é o tamaño destes, os profesores citan como causas da indisciplina o desinterese pola escola, a incapacidade para o traballo na clase e a falta de interese pola materia. Nos centros máis pequenos e de tipo rural, as causas máis importantes teñen relación co consumo de alcohol e o rechazo por parte do profesor.

En relación coa ubicación do centro, si é rural, dunha vila ou urbano, nestes últimos réclámase como solución o firme apoio da dirección ás medidas disciplinarias que tomen os profesores. Pola contra, no medio rural, as solucións ós problemas pasan polo emprego de métodos de ensino máis eficaces.

Sobre o nivel educativo no que se imparte ensino, resalta o feito de que os profesores dos alumnos maiores ven como solución máis importante o apoio á escola por parte dos pais.

(TÁBOA 15)

Tódalas causas dos problemas de disciplina obedecen a factores administrativos, sociais, familiares, persoais e de tipo propiamente escolar. Como todo problema de tipo social, non ten unha receita máxica; un traballo sobre a disciplina na escola (Fernández Pozar, 1983) recollía as solucións que daban os profesores da provincia de Cádiz; entre as que cabe sinalalo establecemento polos Concellos de programas de ocupación do tempo libre dos nenos, a concienciación da sociedade da importancia de valores como a tolerancia, a convivencia, a educación, etc., a creación e funcionamento real das Escolas de Pais nos Centros ou nos Concellos, máis entendemento entre escola e familia, etc.

O primeiro paso, que levaría ás demais solucións, sería o establecemento duns servizos de orientación escolar con funcionamento real nos centros.

6. BIBLIOGRAFÍA

- Añaños, M E (1988) *"Estudio de las estrategias de disciplina utilizadas en el aula por los profesores de E G B de las comarcas de Gerona"*, Barcelona, Dpto de Publicacións da Universidade Autónoma
- Direnfield, R B (1982) *"Classroom Disruption in English Comprehensive Schools"*, Macalester College Education Dept , St Paul, Minnesota
- Fernández Pozar, F (1983) "La disciplina en la E G B", *Revista de Orientación Educativa del I C E de la Universidad de Cádiz*, 6, 15-23

- Gotzens, C (1986) *“La disciplina en la escuela”*, Madrid, Pirámide
- Hollins, T M B (1955) *“Teacher’s Attitudes do Children’s Behavior”*, M De Thesis, University of Manchester
- Jiménez, C (1982) “Exploración de las actividades de los niños ante las conductas problemáticas escolares”, *Revista de Psicología General y Aplicada*, 37, 487-505
- _____(1983) *“Factores determinantes de las actitudes de Profesores y Alumnos de E G B hacia las conductas problemáticas de los niños en la escuela”*, Tesis Doctoral, Dpto de Psicología Universidad de Granada
- _____(1984) “Incidencia y persistencia de las conductas problemáticas de los niños en edad escolar Una revisión”, *Revista de Psicología General y Aplicada*, 39, 793-811
- ____e J Bernia (1981) “Maestro y alumnos de E G B ante las conductas problemáticas infantiles Evaluación de su gravedad, estructura factorial, aspectos evolutivos y socializadores”, *Psicológica*, 2-1, 57-77
- Mayor, J, e outros (1989) *“Manual de Educación Especial”*, Madrid, Anaya
- Peiró, J M, e H Carpintero (1978) “Conductas escolares problemáticas Un estudio sobre la evaluación de su gravedad realizada por los profesores de E G B”, *Análisis y Modificación de Conducta*, 4, 33-52
- Watkins, C, e p Wagner (1981) *“La disciplina escolar Propuesta de trabajo en el marco global del centro”*, Barcelona, Paidós
- Wickman, E K (1928) *“Children’s Behavior and Teacher’s Attitudes”*, The Commonwealth Fund, New York
- Witt, J C -Elliot, S N (1984) “Acceptability teacher’s judgement of the acceptability of behavioral interventions Time involvement, behavior problem severity and type of intervention”, *Behavior Therapy*, 15, 204-209
- ____e J R Robbins (1984) “Acceptability of reductive interventions for the control of inappropriate child behavior”, *Journal of Abnormal Child Psychology*
- Ziv, A (1970) “Children’s Behaviour Problems as viewed by Teachers, Psychologists, and Children”, *Child Development*, 41, 871-879

ANEXOS

(TÁBOAS)

Item	Conducta	Item	Conducta
1	Atrae-la atención, presumir	21	Reparos en preguntar na clase
2	Malops modais	22	Resentimentos
3	Ameazas, crueldades	23	Infatigable, incansable
4	Falta de coidado	24	Timidez, retraemento
5	Dicir mentiras	25	Ensimesmamento
6	Covardía	26	Conductas sexuais inadecuadas
7	Soños	27	Fumar
8	Falsidade, astucia, acusar	28	Cuspir
9	Desobediencia	29	Roubar, quitar cousas
10	Líortas, uso habitual da violencia	30	Escapar do traballo, lentitude, nugalla
		31	Suspicias
		32	Palabras feas, blasfemias
		33	Ser chismoso, Andar con contos
		34	Leriante, facer ruído
		35	Ser "soplón" nos exames
		36	Latar ás clases
		37	Insociabilidade
		38	Traballo descoidado, desordenado
		39	Rompe-las cousas a propósito

TÁBOA 1 Escala de conductas problemáticas de Hollins (1955)

Orde	Factor	Conductas	Gravidade (valor medio)
1º	III	Agresivas Que atentan conta outros	2,07
2º	VII	Pouco interese polo traballo académico	1,75
3º	IV	Que atenta contra a autoridade do profesor	1,46
4º	VI	Que dificultan o rendemento académico	1,36
5º	I	Moralmente inadecuadas e hábitos socialmente inaceptables	1,35
6º	II	Que indican dificultades persoais de integración e de relación cos demais	1,23
7º	V	Que alteran as normas de funcionamento da clase	1,05

TÁBOA 2

Factores obtidos por Peiró e Carpintero (1978)

Orde	Factor	Conductas	Gravidade (valor medio)
1º	V	Agresividade fáctica e directa	2,30
2º	III	Conductas morais inadecuadas e/ou non aceptadas socialmente	2,22
3º	IX	Agresividade intencional ou latente	1,98
4º	VI	Conductas contra o compañeirismo	1,77
5º	I	Dificultades persoais de adaptación á situación escolar e de aprendizaxe	1,54
6º	IV	Hábitos non aceptados socialmente e comportamentos escolares molestos	1,47
7º	VIII	Conductas que impiden ou deterioran o rendemento académico	1,45
8º	II	Conductas que alteran as relacións interpersoais	1,32
9º	VII	Fallos ou desaxustes da personalidade	0,91
10º	X	Hiperactividade ou pasividade	0,43

TÁBOA 3 Factores obtidos por Jiménez e Bernia na avaliación das conductas problemáticas realizada polos profesores (1981)

Orde	Conductas	Moi grave (% avaliadores)	Grave
1 ^a	Roubar, quitar cousas	81%	16%
2 ^a	Non respecta-los profesores	68%	29%
3 ^a	Rompe-las cousas a propósito	68%	28%
4 ^a	Latar á clase	60%	35%
5 ^a	Dicir palabras feas, ou blasfemar	51%	32%
6 ^a	Non estudar, face-lo vago	26%	66%
7 ^a	Non perdoar ó compañeiro que pide perdón	24%	58%
8 ^a	Non atender ó profesor	21%	64%
9 ^a	Rufar e pelexar continuamente	20%	59%
10 ^a	Malos modais	18%	69 ^a

TÁBOA 5 Avaliación da gravidade das conductas polos profesores, segundo o estudo de Fernández Pozar (1983)

FACTORES	3 ^o E X B	4 ^o E X B	5 ^o E X B
I	Conductas morais inadecuadas e /ou non aceptadas socialmente	Conductas morais inadecuadas e/ou non aceptadas socialmente	Conductas morais inadecuadas e/ou non aceptadas socialmente
II	Conductas que impiden ou deterioran a aprendizaxe escolar e o rendemento académico	Agresividade e conducta antisocial	Conductas que impiden ou deterioran a aprendizaxe escolar e o rendemento académico
III	Conductas contra a autoridade do mestre	Conductas que impiden ou deterioran a aprendizaxe escolar e o rendemento académico	Conductas contra a autoridade do mestre
IV	Agresividade contra iguais	Inseguridade, retraemento	Dificultades persoais para establecer relacións espontáneas e harmónicas cos compañeiros
V	Inseguridade, retraemento	Afirmación de si mesmo	Inseguridade, retraemento
VI			Agresividade contra iguais e afirmación de si mesmo

TÁBOA 4 Factores obtidos na avaliación da conducta polos alumnos

ITEM	CONDUCTA	1	2	3
1	Atrae-la atención, presumir	99	1 25	98
2	Malos modais	1 86	1 89	1 47
3	Ameazas, crueldades	2 52	2 74	2 45
4	Falta de coidado nas cousas	1 17	1 24	88
5	Dicir mentiras	1 47	1 74	1 35
6	Covardía	83	1 25	1 30
7	Soños	60	58	93
8	Falsidade, astucia, acusar	1 71	1 88	1 69
9	Desobediencia	1 93	1 99	1 53
10	Lortas, uso habitual da violencia	2 45	2 58	2 13
11	Falta de atención	1 21	1 63	1 48
12	Insolencia, falta de respecto	2 27	2 52	1 97
13	Falta de concentración	1 28	1 37	1 28
14	Falta habitual de puntualidade	1 21	1 51	1 02
15	Lacazanería, vagabundería	1 45	2 16	1 68
16	Carácter nervioso	87	77	1 10
17	Presentar notas/debuxos obscenos	1 50	1 99	1 38
18	Obstinación, testudez	1 17	1 32	1 25
19	Persoalmente sucio, desordenado	1 13	1 47	1 23
20	Pasar escritos na clase	84	89	60
21	Reparos en preguntar na clase	63	78	1 06
22	Resentimentos	1 51	1 89	1 73
23	Infatigable, incansable	47	43	36
24	Timidez, retraemento	59	99	1 26
25	Ensimesmamento	89	1 18	1 34
26	Conductas sexuais inadecuadas	2 02	2 46	1 84
27	Fumar	1 72	1 91	1 18
28	Cuspir	1 63	1 40	1 18
29	Roubar, quitar cousas	2 19	2 70	2 28
30	Escapar do traballo, lentitude, desgana	1 21	1 65	1 36
31	Suspicias	1 03	1 05	1 03
32	Palabras feas, blasfemias	1 66	2 07	1 43
33	Ser chismoso, andar con contos	1 21	1 67	1 12
34	Ser leriante, facer ruído	1 21	1 23	95
35	Ser "soplón" nos exames	77	1 04	75
36	Latar á clase	1 84	2 04	1 50
37	Insociabilidade	1 65	2 00	2 20
38	Traballo descoidado, desordenado	1 23	1 59	1 27
39	Rompe-las cousas a propósito	2 13	2 47	2 05

TÁBOA 6 Puntuación media obtida en cada item da Escala de Hollins, en cada un dos estudos

1 Investigación actual (1993)

2 Jiménez e Berna (1981)

3 Peiró e Carpintero (1978)

	FACTOR 1	FACTOR 2	FACTOR 3
ITEM1	26657	22120	12749
ITEM2	54801	- 08848	05828
ITEM3	71584	14141	- 29112
ITEM4	16824	52154	08697
ITEM5	53060	16027	17024
ITEM6	05589	60640	08781
ITEM7	- 12676	50702	26816
ITEM8	45862	41968	23177
ITEM9	64416	11816	11933
ITEM10	71066	- 04376	- 17702
ITEM11	13976	64702	- 04436
ITEM12	73539	12147	15319
ITEM13	11762	65723	04886
ITEM14	45679	37677	.11690
ITEM15	46898	48686	04664
ITEM16	- 09411	42434	24944
ITEM17	50326	- 13515	46209
ITEM18	30697	34705	43252
ITEM19	52618	34651	23427
ITEM20	19894	10107	64539
ITEM21	- 10780	61384	27606
ITEM22	49853	39769	24800
ITEM23	- 27762	31906	34739
ITEM24	- 23033	60055	12703
ITEM25	11529	55251	06869
ITEM26	66567	02617	22559
ITEM27	62424	06797	21060
ITEM28	49648	- 00966	36778
ITEM29	71902	- 11122	15164
ITEM30	29783	30098	38504
ITEM31	21817	28266	45068
ITEM32	55710	- 14207	44052
ITEM33	03123	20748	73308
ITEM34	25465	06982	54090
ITEM35	05842	16344	54507
ITEM36	72261	12541	13001
ITEM37	40793	44450	- 21946
ITEM38	35516	20229	34315
ITEM39	72599	01044	14712

TÁBOA 7 MATRIZ FACTORIAL ROTADA (ROTACIÓN VARIMAX)

Orde	Factor	Conductas
1 ^º	I	Ofensas morais
2 ^º	II	Contra a autoridade do profesor
3 ^º	III	Introversión e retraemento
4 ^º	IV	Relativo á aprendizaxe escolar

TÁBOA 8 Factores obtidos por Hollins (1955)

Orde	Factor	Conductas
1º	I	Conductas moralmente inadecuadas e contra a autoridade do profesor
2º	III	Conductas que afectan ás tarefas escolares
3º	II	Conductas de introversión e retraemento

TÁBOA 9 Factores obtidos na investigación actual (1993)

Orde	Factor	Conductas	Gravidade (valor medio)
1º	III	Agresivas	2,07
2º	VII	Pouco interese no traballo	1,75
3º	IV	Contra a autoridade do profesor	1,46
4º	VI	Dificultan o rendemento academ	1,36
5º	I	Moralmente inadecuadas	1,35
6º	II	Dificultades de relación e integ	1,23
7º	V	Alteran normas na clase	1,05

TÁBOA 10 Factores obtidos por Peiró e Carpintero (1978)

Orde	Factor	Conductas	Gravidade (valor medio)
1º	V	Agresividade directa	2,30
2º	III	Conductas morais inadecuadas	2,22
3º	IX	Agresividade latente ou intenc	1,98
4º	VI	Conductas contra compañeirismo	1,77
5º	I	Dificultades adaptación escolar	1,54
6º	IV	Hábitos non aceptados socialmente	1,47
7º	VIII	Conductas que impiden rendementos	1,45
8º	II	Conductas alteran relacións inter	1,32
9º	VII	Fallos/desaxustes personalidade	0,91
10º	X	Hiperactividade/pasividade	0,43

TÁBOA 11 Factores obtidos por Jiménez e Bernia (1981)

Orde	Conductas	Moi grave	Grave
1º	Roubar, quitar cousas	81%	16%
2º	Non respecta-los profesores	68%	29%
3º	Romper cousas a propósito	68%	28%
4º	Latar á clase	60%	35%
5º	Dicir palabras feas ou blasfemar	51%	32%
6º	Non estudar, face-lo vago	26%	66%
7º	Non perdoa-lo compañeiro	24%	58%
8º	Non atender ó profesor	21%	64%
9º	Rifar/pelexar continuamente	20%	59%
10º	Malos modais	18%	69%

TÁBOA 12 Conductas consideradas como graves contra a disciplina escolar Fernández Pozar (1983)

ITEM	CONDUCTA	PROFESORES	PROFESORAS
1	Atrae-la atención, presumir	1 05	96
2	Malos modais	1 82	1 92
3	Ameazas, crueldades	2 55	2 45
4	Falta de coidado nas cousas	1 18	1 16
5	Dicir mentiras	1 55	1 32
6	Covardía	81	87
7	Soños	61	58
8	Falsidade, astucia, acusar	1 74	1 63
9	Desobediencia	1 92	1 95
10	Liortas, uso habitual da violencia	2 49	2 37
11	Falta de atención	1 28	1 08
12	Insolencia, falta de respecto	2 35	2 11
13	Falta de concentración	1 34	1 16
14	Falta habitual de puntualidade	1 22	1 21
15	Lacazanería, vagabundería	1 51	1 32
16	Carácter nervioso	84	95
17	Presentar notas/debuxos obscenos	1 57	1 37
18	Obstinación, testudez	1 12	1 26
19	Sucio e desordenado persoalmente	1 12	1 13
20	Pasar notas ou escritos na clase	78	95
21	Reparos en preguntar na clase	59	71
22	Resentimentos	1 51	1 50
23	Infatigable, incansable	45	53
24	Timidez, retraemento	58	61
25	Ensimesmamento	1 01	66
26	Conductas sexuais inadecuadas	2 08	1 89
27	Fumar	1 72	1 74
28	Cuspir	1 69	1 53
29	Roubar, quita-las cousas	2 14	2 29
30	Escaparlle ó traballo, lentitude no traballo	1 19	1 26
31	Suspiciacias	1 04	1 00
32	Palabras feas, blasfemias	1 65	1 68
33	Andar con contos	1 16	1 29
34	Ser lerante, facer ruído	1 19	1 26
35	Ser "soplón" nos exames	77	76
36	Latar á clase	1 85	1 82
37	Insociabilidade	1 55	1 84
38	Traballo descoidado ou desordenado	1 20	1 29
39	Rompe-las cousas a propósito	2 24	1 92

TÁBOA 13 Comparación da puntuación medida obtida en cada item entre profesores e profesoras

Correlac	F1	F2	F3
IDADE	- 1671	0303	1829
SEXO	0737	0421	- 0865
ESTADO	- 1956	- 1292	- 1862
EXPER	- 1997	- 0356	0843
NIVEL	0971	- 0052	1015
CENTRO	0079	- 0695	1675
UNIDADES	- 0152	0019	0790

TÁBOA 14 Correlacións das puntuacións dos profesores a cada un dos factores coas variables mencionadas

	CAUSA1	CAUSA2	CAUSA3	CAUSA4	CAUSA5
IDADE	- 0984	0226	1013	- 0562	- 2040
SEXO	0603	- 2148	0043	0046	0634
ESTADO	- 2618*	- 0742	0564	- 0842	0795
EXPER	- 0124	0624	0125	- 1066	- 0919
NIVEL	0453	2013	0609	0264	- 1082
CENTRO	0967	- 0836	- 0501	0888	0084
UNIDADES	0175	0486	2661*	- 0847	- 0643
	CAUSA6	CAUSA7	CAUSA8	CAUSA9	CAUSA10
IDADE	- 1080	3089**	2594*	- 1074	- 2996**
SEXO	- 0170	1683	- 0694	- 0720	- 0131
ESTADO	-1561	- 0948	- 0286	2251*	0560
EXPER	- 1901	3454**	2689*	- 1769	- 2967**
NIVEL	- 0973	0116	- 0372	- 1196	0512
CENTRO	0735	- 1455	- 0703	0642	0278
UNIDADES	3421**	- 2869*	- 2699*	2318*	- 0701
	SOLU1	SOLU2	SOLU3	SOLU4	SOLU5
IDADE	2050	0563	- 0303	- 1600	- 1166
SEXO	0046	- 0674	0591	0712	0894
ESTADO	0350	- 1254	- 0103	.1014	- 0234
EXPER	2065	0870	- 0366	- 1423	- 1663
NIVEL	- 0892	2672*	0287	0558	- 0956
CENTRO	3965**	- 1457	0676	- 0640	- 1385
UNIDADES	1465	- 0701	0309	1243	- 1894
	SOLU6	SOLU7	SOLU8	SOLU9	SOLU10
IDADE	2994**	0752	0093	0851	- 2951**
SEXO	0240	0484	- 0922	- 1996	0524
ESTADO	0755	- 0474	0368	- 0330	0130
EXPER	2439*	1029	- 0030	0806	- 2566*
NIVEL	-0412	- 0409	- 0752	1026	- 0787
CENTRO	1749	- 0384	2034	- 1433	- 2383*
UNIDADES	0754	- 0389	1606	- 0779	- 1081

TÁBOA 15

Correlacións das puntuacións dos profesores e as causas e solucións ós problemas de disciplina na escola

